

Proceso de avaliación de orixinais

Todos os orixinais propostos a calquera das series de USC Editora sométense a un dobre proceso de avaliación, interna e externa.

Avaliación interna. Os avaliadores internos noméaos a Comisión Editorial Académica, a proposta da dirección do SPIC, e son profesores de prestixio da Universidade de Santiago de Compostela pertencentes a 16 áreas temáticas. Desde a recepción do orixinal e o seu correspondente acuse automático de recibimento, o prazo para a avaliación interna do orixinal e a súa comunicación ao autor é **dun mes**. O informe do avaliador interno oríentase fundamentalmente a ditaminar se o orixinal, en función das súas características inicialmente observadas (formais, de estilo, de estrutura, de eventual oportunidade e interese e de actualización; véxase [formulario](#)), está en condicións de pasar, ou non, á segunda fase de avaliación externa. Por tanto, segundo o resultado do ditame do avaliador interno: a) o orixinal pasa á fase de avaliación externa no seu estado actual; b) o orixinal pode pasar á fase de avaliación externa, previa a incorporación dun conxunto de modificacións e propostas de corrección, para a cal o autor dispón do prazo **dun mes**, contado desde a data de comunicación do ditame do avaliador interno; c) o orixinal non pasa á fase de avaliación externa. Desde a aprobación do orixinal (casos a) e, eventualmente, b)), o prazo para o envío a avaliación externa é de **15 días**.

Avaliación externa. A fase de avaliación externa encoméndase a dous especialistas na materia específica do orixinal, independentes e alleos á Universidade de Santiago de Compostela. Estes especialistas son propostos polo avaliador interno, que, no seu caso, debe incluír no seu formulario de avaliación, un elenco de cinco nomes enumerados por orde de preferencia, para a súa elección por parte do equipo editorial do SPIC. Estes dous especialistas someten o orixinal a unha minuciosa disección teórica, conceptual e metodolóxica de todos aqueles aspectos susceptibles de mellora, en función de criterios como adecuación ao fin proposto, orixinalidade do tratamento, actualización e oportunidade, coherencia estrutural, arquitectura epigráfica adecuada (véxase [formulario](#)). O prazo para a avaliación externa, desde a data de aceptación do avaliador, é de tres meses. Segundo o resultado da avaliación externa, a) o orixinal, a partir dunha avaliación positiva de ambos os informantes, debe incorporar todas as propostas de modificación e corrección destes; b) en caso dunha discrepancia manifesta na avaliación dos informantes (unha positiva e unha negativa), procederase á solicitude dun terceiro informe de avaliación (a partir do elenco de especialistas proporcionado polo avaliador interno), que, de novo, contará para a súa recepción cun prazo de **tres meses** contados a partir da data de aceptación; c) a edición do orixinal, a partir dunha avaliación negativa de ambos os informantes, desestímase.

A Comisión Editorial Académica é o órgano encargado de valorar a avaliación externa do orixinal e ditaminar en consecuencia. Unha vez recibidos os informes dos avaliadores, o prazo máximo para a súa presentación á Comisión Editorial Académica é de **tres meses**, contados a partir da data de recepción do último dos dous informes. O ditame da Comisión, xunto á copia dos informes confidenciais dos avaliadores externos, será remitido pola dirección do SPIC ao autor nun prazo máximo de **15 días** tras a data de reunión da Comisión. No caso dunha avaliación positiva, o autor dispón do prazo máximo **dun mes**, contado desde a data de comunicación da resolución, para entregar a nova redacción do orixinal, modificada de acordo ás suxestións e indicacións dos avaliadores. O equipo editorial do SPIC, que exerce a coordinación de todo o proceso, comprobará finalmente que a nova versión axústase ao suxerido e indicado polos avaliadores e dispón dun prazo máximo de **catro meses** para a edición e produción da obra.